



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS/TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución de 20 de setembro (DOG. nº 188 de 29/09/2021), da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:, segundo as seguintes normas:

1.- De acordo co disposto no art. 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar, continuando os outros tres como consecuencia da súa elección anterior no ano 2008.

2.- Son electores/as todos os pais/nais/titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios.

3.- Son elixibles os pais/nais/titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais/titores/as legais que non se presenten como candidatos/as. Dita mesa estará composta polo Director do centro, que actúa como Presidente, e catro pais/nais/titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá desde o día **28 de outubro ao 9 de novembro**, ambos inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 24 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais/titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores/as.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

8.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a do alumno/a.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Figueiroa, 26 de OUTUBRO de 2021.

O DIRECTOR,

Asdo.: José Manuel Reboredo Baños

